



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA DO 08 DE OUTUBRO DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00044709D.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da presente convocatoria.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00035764B.

Adxudicar o contrato “Execución das obras de rehabilitación do firme na vía de Edison”, a favor da empresa ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL.

Aduícase o contrato de referencia a favor da empresa ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL, por un importe de **88.547,99** euros (73.180,16 euros + IVE aparte 21%: 15.367,83 euros), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete unha ampliación do prazo de garantía das obras de 5 anos e un incremento do 2% do orzamento de control de calidade e no programa de actuación ambiental. Corresponde a supervisión e control deste contrato ao departamento municipal de Obras e Proxectos, O gasto necesario para o financiamento deste contrato imputarase á aplicación orzamentaria **040 15321 6190005 2021 2 EDISO 61 1**.

O financiamento desta actuación forma parte do programa de Axudas encamiñadas á habilitación e mellora das infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia

3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00021884T.

Adxudicación da “Execución das obras do proxecto de rexeneración asfáltica en varios puntos da cidade de Santiago de Compostela” Lote I á empresa FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, SL e LOTE II á empresa GALSUR PROYECTOS Y OBRAS SLU.

Acórdase:

Primeiro: Adxudicar o contrato *Execución das obras do proxecto de rexeneración asfáltica en varios puntos da cidade de Santiago de Compostela*:

Lote I a favor da empresa FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, SL, por presentar a oferta economicamente máis vantaxosa, por importe de por importe de **299.109,00 euros** (base impoñible: 247.197,52 € e IVE: 51.911,48 €)

Lote II a favor da empresa GALSUR PROYECTOS Y OBRAS SLU, por presentar a oferta economicamente máis vantaxosa, por importe de **307.450,00 euros** (base impoñible: 254.090,91 € e IVE: 53.359,09 €)

Segundo: Aprobar e dispoñer o gasto necesario para o financiamento deste contrato que se imputará á aplicación orzamentaria **040 15320 6190002 - 2020 4 RLTOU 62 9**